

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de novembro de 2022**

Ás 17.41 horas do día 17 de novembro de 2022, réunese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Miguel Antonio Cid Álvarez, do Grupo Popular (substituído por don Álvaro José Fernández López). Tampouco asiste a deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Estévez (substituída por don Aurentino Alonso Araújo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de outubro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 20 de outubro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión**, en relación cunha pregunta da pasada comisión, na que Margarita Pérez Fernández preguntaba sobre o proxecto de turismo intelixente, denominado “Hay un Ourense para ti, descúbrela”, manifesta que xa se deu resposta no Pleno do estado da provincia do pasado día 8.

En canto á pregunta feita por Álvaro Vila Araújo, tamén na pasada comisión sobre o contedor marrón, contedor de materia orgánica, dá lectura a un informe do director da Área de Medio Ambiente, co seguinte contido:

“Efectivamente, o artigo 25.2 da Lei 7/2022, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, postula na letra b) que as entidades locais establecerán a recollida separada dos biorresiduos de orixe doméstica, antes do 30 de xuño de 2022 nos municipios con poboación de dereito superior a 5.000 habitantes, e antes do 31 de decembro de 2023 no resto. Tamén aclara o devandito artigo que se entenderá por recollida separada de biorresiduos a separación e reciclado en orixe mediante a compostaxe doméstica (autocompostaxe) ou comunitaria. Lamentablemente, parece deixarse fóra a opción do agrocompostaxe. Isto por de manifesto que a instalación do nomeado 5º contedor non é a única solución para o cumprimento da referida obriga. Adicionalmente, a dispersión do contorno rural, a escasa dimensión dos poucos tecidos urbanos e a inexistencia de centros de tratamento (plantas de compostaxe) a distancias axeitadas dos centros de produción fan desta opción (5º contedor) unha solución de moi contada aplicación nos concellos da provincia de Ourense, en xeral, e especialmente nos que xestiona esta Deputación. Adicionalmente, a implantación deste contedor marrón para a FORSU (fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos) require medidas que garantan un baixísimo grao de impropios,

o que implica (por suficientes experiencias ao respecto) que o acceso ao contedor sexa restrinxido (mediante código, tarxeta, chave, móbil, ou medio similar), o que dificultará moito a implantación no noso rural. Todo isto forma parte das múltiples razóns polas que os prazos establecidos pola lei (publicada o 9 de abril do presente ano) son simplemente irrealizables. Porén o anterior, comprar contedores para a FORSU, encher a nosa paisaxe rural de contedores (engadindo a cor marrón), aumentar as rutas de recollida, e transportar o produto recollido ata as instalacións que se constrúan (unha en Verín ademais da existente en Leiro) é relativamente sinxelo, pero económica e ambientalmente insostible. Entendemos que, moito máis importante son os obxectivos subxacentes detrás desta normativa, marcados polas Directivas Marco, e que recollen tamén outras normas, tamén de obrigado cumprimento, como a Lei 6/2021, do 1 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, e que non so non estamos alcanzando, senón que evolucionamos en sentido contrario, tal como se puxo de manifesto na Memoria da Área de Medio Ambiente (DO 24/11/2021, expte. 2021/14562S, cambio do modo de xestión do servizo intermunicipal de RSU en réxime de competencia delegada) relativa á necesidade de cambiar o proxecto de explotación do servizo intermunicipal de RSU en réxime de comptencia delegada. A entrada en vigor da Lei 7/2022, ven incidir máis nesta necesidade, pero xa non se amosa suficiente, porque a problemática descrita para o 5º contedor, está intimamente imbricada coa obriga de priorizar a implantación de modelos de recollida máis eficientes (contedores pechados de acceso restrinxido en distintas fraccións ou a recollida porta a porta), a obriga de establecer mecanismos de control e caracterizacións periódicas (por parte das AALL) do que os usuarios verten nas distintas fraccións, a obriga para os cidadáns de separar, e finalmente a implantación no prazo máximo de tres (3) anos dunha ordenanza fiscal non deficitaria (que cubra todos os custos de implantación de infraestruturas, explotación do servizo, posta fóra de uso das infraestruturas, e custos ambientais), e que implique o pago por xeración, o que novamente nos leva a redefinir os sistemas e material de recollida (contedores de acceso limitado, utilización de bolsas específicas, etcétera). A todo isto, nos últimos días, engádese a decisión trasladada por Sogama de que se bonificará un 15% do canon a aqueles concellos que cumpran tres condicións. Unha delas é a implantación do 5º contedor en concellos de máis de 2.000 habitantes, non aceptando nestes casos a compostaxe doméstica ou comunitaria como solución (contrariamente ao indicado pola Lei 7/2022, e ao que promove o borrador que se tramita do Plan de xestión de residuos municipais de Galicia 2023-2030, que

prioriza as solucións de proximidade). En consecuencia, ademais dun novo proxecto de explotación, faise necesaria, previamente, a elaboración e aprobación (consensuada entre concellos e Deputación) dun programa provincial de prevención de residuos e dun plan provincial de xestión de residuos, consonte cos artigos 14 e 15 da Lei 7/2022. Entre tanto, estamos a iniciar un proxecto piloto de compostaxe comunitaria en tres concellos (O Carballiño, Pereiro de Aguiar e Xinzo de Limia), continuamos coas campañas de compostaxe doméstica, e traballamos nun proxecto de recollida de biorresiduos de grandes produtores”.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, solicita copia do informe emitido polo director da Área de Medio Ambiente e manifesta que se lles impoñen deberes aos concellos e á Deputación.

A **presidenta da comisión** manifesta que o informe que acaba de ler será incorporado na acta da comisión.

D. Bernardo Varela López, do BNG, solicita tamén copia do informe. Destaca que hai pouca capacidade por parte da Xunta para a xestión do lixo. Entre os días de onte e antonte chegaronlles aos concellos cartas de Sogama nas que se di que é obrigatoria a instalación do 5º contedor, o que nesta provincia é absurdo practicamente no noventa e pico por cento do territorio. Pide que se lle requira á Xunta de Galicia para que modifique ese criterio porque é absurdo, xa que é inviable para os concellos tanto desde o punto de vista económico como medioambiental. Tamén di que a ver que vai ter un camiión circulando polos distintos núcleos do noso territorio o que sería un niño de moscas a 40 graos de temperatura. Entre todos temos que facerlle ver á Consellería que é algo imposible, que está mal formulado e que teñen que mudar de postura.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, intervén para engadir que o outro día, cando saíu o presidente Rueda falando do 15%, un veciño de Taboadela mandoume una captura de pantalla do anuncio, á que titulei “trampas ao solitario”. Fai súas as palabras de Bernardo xa que é imposible que os concellos asuman o 15%.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que el díxolle a un compañeiro que está no Parlamento que diga que eles o fan facer, van poñer uns contedores. Piden un imposible e nos imos facer un absurdo, poñer o contedor e certificar que o contedor está posto, pero pechado.

E, ás 17.51 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

